

CONCURSO

AeroVision 2023

12 de abril

*Día Internacional dos
Voos Espaciais Tripulados
Día da Cosmonáutica*

Envía as túas fotografías
antes do 26 de marzo de 2023

Información: aero.uvigo.es



Desenho: Área de Imaxe, Vice-reitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

CONCURSO

AeroVision 2023

12 de abril

Día Internacional dos
Voos Espaciais Tripulados
Día da Cosmonáutica

Envía as túas fotografías
antes do 26 de marzo
Información: aero.uvigo.es



Universidade de Vigo

AeroVision 2023

A temática do concurso de fotografía *AeroVision* é o ámbito aeronáutico e aeroespacial.

Bases de participación

1. As imaxes deben ser orixinais e deberán amosar situacións, paisaxes ou circunstancias relacionadas co ámbito aeronáutico e/ou aeroespacial.
2. Admítense obras en branco e negro e en color, realizadas mediante calquera técnica fotográfica.
3. Admitírase un máximo de **1 obra orixinal** por autor/a, sendo esta orixinal e inédita e non presentándose con anterioridade noutros concursos, webs ou calquera outro medio dixital ou impreso.
4. As fotografías poderanse enviar por correo electrónico en formato JPEG, o tamaño máximo do arquivo non debe superar, en ningún caso, os 5MB de peso e deberán ter unha resolución mínima de 200 ppp a aerovision@uvigo.gal ou a través dun programa de transferencia de arquivos a aerovision@uvigo.gal. No asunto do correo electrónico indícase "Concurso AeroVision 2023" no e-mail indícase: título da fotografía, autoría e descrición en 5 liñas da fotografía coa adecuación á temática do concurso.
5. A data límite de recepción de fotos será o **26 de marzo de 2023** ás 23.59 h. Calquera fotografía recibida despois desta data non poderá participar neste concurso.
6. A participación no concurso implica a plena aceptación destas bases.

Resolución do concurso

1. O **xurado** estará formado por un/ha representante do sector aeronáutico e/ou aeroespacial, un/ha representante do sector da fotografía e un/ha membro do equipo directivo da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo.
2. A decisión do xurado será publicada na páxina web da EEAE e comunicada por e-mail aos participantes.
3. As fotografías gañadoras expóranse **temporalmente** en instalacións do campus de Ourense xunto coas do resto de participantes. En caso de existir un número de fotografías tan elevado que non permitise a súa completa exposición por motivos de espazo, o xurado do concurso será o encargado de seleccionar un número apropiado para ese efecto.
4. A entrega de premios e o acto de inauguración da exposición temporal das fotografías terá lugar o Día Internacional dos Voos Espaciais Tripulados e o Día da Cosmonáutica pola EEAE.
5. As fotografías presentadas a concurso pasarán a ser **propiedade exclusiva da EEAE**, non podendo ser utilizadas polo/a autor/a noutros concursos ou publicacións. A EEAE poderá facer o uso que considere oportuno das mesmas. Nese caso, a/s fotografía/s utilizada/s presentarán sempre unha referencia ao seu autor/a.
6. A EEAE non se fai responsable da **incorrecta manipulación** do material enviado por persoas alleas a esta institución ou por extravío do correo.
7. A decisión do xurado é inapelable.
8. O concurso fotográfico *AeroVision 2023* poderá ser **anulado** se non se presenta un mínimo de fotografías.
9. O xurado **rexeará** as fotografías que non cumpran o especificado nestas bases.
10. A participación no concurso implicará a plena **aceptación** destas bases.

Premios

Os premios do concurso serán os seguintes:

- **Primeiro premio:** un dron
- **Segundo premio:** un telescopio
- **Terceiro premio:** uns prismáticos

Máis información

aero.uvigo.es
Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo
Campus universitario
32001 Ourense
Tel.: 988 387329
aerovision@uvigo.gal